

É para min unha honra e unha enorme ledicia encargarme da *laudatio* da nosa homenaxeada coa letra E da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega deste 2026. Xa que logo, agradezo de corazón ao seu presidente, Cesáreo Sánchez Iglesias, así como á propia Eva Veiga, esta encomenda, malia supoñer pola miña parte –ben o sei– a incapacidade para abordar, no tempo do que dispoño, unha obra tan rica, ampla e diversa co rigor que esta merecería.

Porque estamos, así o afirma Xavier Seoane, perante unha “poeta indagadora, fundamente sensible, emotiva e introspectiva” (Seoane 2020: 113); unha “xamana” (Pedreira 2020: 96) que, segundo Emma Pedreira, nos convoca adoito aos rituais da beleza e cuxo verso, definido por Ramón Nicolás como “puro, conciso e rotundo” (Nicolás 2014), lle permite construír poemas maxistras onde priman, para Luciano Rodríguez, un “fondo calado vital e filosófico, (...) un radicalismo expresivo contundente e preciso” (Rodríguez 2020: 10) e asemade un exquisito traballo coa linguaxe. Sirvan estas catro referencias críticas, tomadas ao azar, a modo de exemplo das moitas consideracións que, ao longo de trinta e cinco anos de intensa carreira literaria, ten suscitado tanto a súa obra como a súa persoa e que nos sitúan, sen dúbida, perante unha escritora única e un ser humano excepcional.

Sostiña Graham Greene que “hai un intre na infancia no que se abre unha porta e deixa entrar o futuro”. Esta epifanía experimentouna Eva con tan só catro anos ao escoitar á mestra da escola unitaria de Ombre ler un poema sobre a transformación dun verme de seda en bolboreta. Firme defensora da importancia crucial do ensino para fundar unha sociedade xusta e solidaria, ela atopa nas aulas a súa vocación definitiva e anuncia na casa ese mesmo día, aínda fascinada pola sonoridade da linguaxe, que vai ser poeta. Moitos anos despois desta premonición auroral, Luz Pozo Garza percibirá no seu terceiro poemario *A luz e as súas cicatrices*, un dos máis aplaudidos pola crítica, a presenza dun “mundo metamorfoseado, lepidoptérico, riquísimo” (Pozo Garza, 2005: 10) onde sempre se atende ao que fica oculto para logo verbalizalo coa máxima intensidade poética por medio dunha palabra que, adoito, contén en si o fragor fluído do Eume, ese corazón líquido que nutre o espazo natal de Ombre onde a nosa homenaxeada abriu os ollos á vida o 21 de outubro de 1961.

Durante a nenez, na casa familiar da Mediña, a avoa Amparo –gran recitadora e contista– descóbrelle á neta, como un encantamento, o ritmo da palabra e a súa fascinante respiración. Un maxisterio que Eva trasladará sempre aos versos impregnándoos dunha cadencia impecable que, ao xeito dun mantra, vibra e nos transforma, máxime cando os recita; sexa soa ou, desde o ano

2000, na compañía do Grupo Ouriol. Nos seus espectáculos multidisciplinares, o conxunto ten dado voz, aquén e alén das nosas fronteiras, a textos veigueanos e doutras grandes figuras (como, por exemplo, Uxío Novoneyra, Ana Ajmátova, Juan Eduardo Cirlot, Sylvia Plath, Clarice Lispector ou Luísa Villalta) hibridándose perfectamente en cada acto a limpa dicción de Eva, coa obra plástica de Alfonso Costa e coa música creada en vivo por Bernardo Martínez e Fito Ares. Desta forma o público, sempre fiel e heteroxéneo, experimenta en cada encontro unha emoción xenuína, profunda e porosa, que mesmo se podería cualificar de adictiva.

O primeiro libro da nosa autora, *Fuxidíos*, ve a luz en 1992 tras acadar o accésit do Premio Esquíu na súa duodécima convocatoria. Nesta carta de presentación indaga sobre as arquitecturas orixinais do ser humano sometido, ao igual que a propia natureza, a un cambio continuo mentres o río ultrapasa os seus significados habituais para acadar novas e múltiples lecturas simbólicas. Así actúa tamén en *Poemas do Eume*, un conxunto de dezanove textos, éditos en 2009 na revista monográfica do Ateneo Eumés Fernán Martís, nos cales o curso fluvial devén metáfora que reúne pasado e presente nun só plano, ese “espazo de tempo comprimido” (Veiga e Vidal 2020: 78) que nos leva ata as portas mesmas do ignoto, como conclúen Emilia Veiga e Nicolás Vidal. Porque cando a poeta escribe sobre o Eume “faino cunha forza poderosa” (López Foxo 2007: 27) logrando que tamén as lectoras e os lectores sexamos, en certa maneira, parte desa auga que discorre polas veas ocultas da Mediña dándolle vida a todo canto alí medra.

Mais antes de *Fuxidíos*, Eva xa xogaba coas palabras. Tras estudar Filoloxía Xermánica, etapa na que gaña algúns certames literarios –como o do Colexio Maior San Clemente–, traballa no xornal *El Ideal Gallego* e pouco despois chega á Televisión de Galicia copresentando o informativo na emisión inaugural do 25 de xullo de 1985. Alí desempeña unha brillante etapa como comunicadora durante a que dirixe e presenta programas culturais, de entrevistas e magazines como *Entre nós*, *De perfil*, *Mesa reservada* ou a magnífica serie documental *Galicia no Tempo* onde se recolle a memoria da nosa arte. Por ela acadou, ademais do Premio de Honra da UNESCO, outros importantes galardóns: dous premios TP, o Galicia de Comunicación e o do Colexio de Arquitectos de Galicia. Tan intensa actividade laboral, recoñecida en 2024 co Premio de Honra Fernando Rey a toda a súa carreira xornalística, lévaa a relegar a escrita ao ámbito do privado, fóra dalgúns poemas, artigos ou contos que ven a luz en revistas e medios de prensa.

En 1993, mentres estuda dirección de cinema e de teatro, unha leucemia trunca esta ascendente traxectoria e, como punto de inflexión, obrígaa a reconducir dun xeito total a súa vida. Comeza así a dedicarse por completo á literatura: colabora como articulista en *El Correo*

*Gallego*, redacta guías de viaxe, traduce, prologa diversas obras e escribe profundos ensaios sobre arte, para alén de aportar poemas a multitude de volumes colectivos. En paralelo, comprométese co necesario espallamento da poesía por medio de ciclos de recitais como, entre outros, *Cancións contadas cancións* (2010) –a dúo con Mon Santiso–, do programa radiofónico *Baixo o mesmo ceo* –que realiza e copresenta na Radio Galega xunto a Francisco X. Fernández Naval durante un par de tempadas– e, sobre todo, dos espectáculos co grupo Ouriol.

Volvendo á escrita, en 1999, publica o seu segundo libro, *Paisaxes do baleiro*, cuxa orixe é un cartafol con dez poemas e outros tantos gravados de Alfonso Costa que ambos elaboraran cinco anos antes. Tan fructífera maridaxe introduce a Eva aínda máis no mundo da arte de xeito que comeza a redactar textos para catálogos e folletos de exposicións xunto con profundos estudos analíticos sobre a pintura de, entre outros artistas, o propio Costa ou Manuel Ayaso.

Escrito despois desa experiencia límite que lle supuxo a enfermidade, en *Paisaxes do baleiro* indaga sobre o proceso de reconstruír –previo aniquilamento– a enerxía vital e inicia unha liña basilar dentro da súa poética: “a consciencia do corpo e o esforzo por percibilo e comprendelo máis alá do obvio” (Fernández Naval 2020: 26), en palabras de Fernández Naval. Eis a ave que se debate contra a gaiola na que a vida quere constrinxila, unha ave-eva que, en xogo palindrómico, está adoito presente nos seus libros chegando, por exemplo en *A pedra insomne* –conxunto de poemas que publica na revista *Ferrol Análisis* en 2003– a ser o propio paxaro quen salva o ceo co seu voo.

Para alén disto, nesta obra, comeza un proceso de depuración lingüística que lle permita dicir máis con menos palabras. Xa que logo, adelgaza os versos ata captar a “modulación exacta” (Veiga 1999: 95) da voz sabendo, como nos revela nun poema, que, se no propio acto de apuntar, o arqueiro acaba sendo el asemade “branco da frecha frecha dun branco / inmóbil” (Veiga 1999: 7), tamén a transformación da linguaxe induce unha mudanza significativa en quen a utiliza e, parellamente, en quen a le. Para lograr a nudez máxima dos textos a autora prescinde do superfluo aproximando as palabras ata o límite pois é no territorio fronteirizo entre o éxtimo –o xa coñecido– e o íntimo –máximo arcano– onde se impregnan do son primixenio, ese latexo inicial que, como gran forza xeratriz, orixina todo canto existe. De certo máis que os termos elixidos para construír os poemas, importa o que estes invocan grazas a unha resonancia que se apoia na beleza fónica das súas sílabas e nos traslada esa alegría inocente propia dos primeiros anos, o peso grave do saber ou a sensación agridoce que deixa sempre a memoria cando revive os momentos de plenitude xunto coas perdas. É obvio que a nosa poeta posúe o don de dotar

aos vocábulos, mesmo aos máis cotiáns, dun profundo eco polisémico que lles permite expresar aquilo que a miúdo queda fóra da linguaxe, eses intersticios nos que a vida se manifesta na súa máis salvaxe entidade. Demostra así unha fe absoluta nas palabras, no que estas expresan pero tamén no que aínda non poden dicir, isto é, tanto no seu intenso rumor como nos seus silencios.

Esta exquisita pulidez da lingua faise aínda máis obvia a partir do seu terceiro volume, o magnífico poemario *A luz e as súas cicatrices* (2005) onde investiga sobre un concepto para ela clave, a luz, esa materia da que desexa desentrañar todos os enigmas mediante unha intensa esculca que a leva a cuestionarse a capacidade da poesía para mitigar, ou mesmo invalidar, a acción destrutora do tempo. A partir de aquí traballa a linguaxe dun modo aínda máis soberbio dándolle ao verso, xeralmente curto, unha gran aparencia de sinxeleza que, paradoxalmente, asenta nunha pléiade de significados e nun brillante traballo estilístico. Adoito percíbese nos poemas, para alén da falta de nexos e de puntuación, un uso recorrente de antíteses e de paradoxos, a presenza habitual do oxímoro, da sinestesia ou de fulgurantes imaxes, símiles e metáforas; mais tamén a creba da sintaxe xunto con abondosas elipses. Todos estes recursos dotan ao estilo veigueano dun carácter único e contribúen a acentuar a respiración musical dos poemas facilitando que cada termo, na súa pluralidade conceptual, se anoe cos demais ata crearen, como dixo Luz Pozo Garza, un “sistema reticular de símbolos que resplandecen como unha constelación fulgurante” (Pozo Garza 2005: 9), rede rizomática en continuo diálogo intertextual.

Atendendo aínda máis ao vínculo da palabra coa música, en *Desconcerto*, o seu cuarto libro, publicado en 2006, preséntase ao ser como “fillo da sede”. Sede de descifrar os códigos arcanos, de saber(se), de comprender a súa posición no mundo e, máis que nada, sede da luz, esa materia magmática que posúe a capacidade de converter en certeza –xa que logo, en pensamento e en verdade– aquilo que se soubo no inicio só dunha maneira intuitiva. Para Alfonso Pexegueiro, “a palabra é un deserto que temos que cruzar con sede” ou mesmo, como fai a nosa escritora, con avidez. Logra así percibir o que subxace oculto baixo as areas ao tempo que favorece a ascese da ave na busca do primixenio, ese límite –tamén lingüístico– que ela, tal o paxaro, teima adoito por superar.

En *Desconcerto* aflora, ademais, outro vértice axial na poesía de Veiga: a vivencia dun telurismo cosmicamente integrador que lle permite asemade invocar a memoria das ancestras. Así actúa en *Nesta hora imposible* (libro de artista de 2010) onde os seus poemas dialogan coas fotos que realiza Mada Carballeira dentro da prisión herculina prestando oído atento a esas

físgoas que, nas conxunturas extremas, deixan ver un “corpo á intemperie” (Romaní 2020: 92-93), tal e como sinala Ana Romaní. Un corpo que, neste caso, leva o nome de Emilia Patiño ‘Milucha’ –quen remata no cárcere por encher A Coruña, xunto con outros compañeiros, de enseñas republicanas o 14 de abril de 1946– mais que é tamén o corpo de tantas outras mulleres inxustamente represaliadas, das vítimas, das que cargan con pesados xugos e de todas ás que nalgún momento se lles negou a máis elemental dignidade.

Esta liña vindicativa das figuras femininas tamén verteбра a carreira cinematográfica de Eva desde o seu debut, en 2012, como actriz protagonista en *A cicatriz branca*, filme dirixido por Margarita Ledo onde encarna a unha emigrada na Arxentina. Tras colaboraren de novo en *Nación* (2020), ambas coguionizan *Prefiro condenarme*, película de 2024 na que se recrea, en íntimo diálogo co personaxe de Antígona, a historia de Sagrario Ribela Fra, unha mariscadora de Maniños vítima de malos tratos que logrou ser absoluta de adulterio polo Tribunal Eclesiástico de Compostela en 1972. A fita, dunha beleza engaiolante, exhibiuse no Festival de Locarno, estivo nominada aos Premios Mestre Mateo nos apartados de dirección e mellor guión orixinal e mesmo acadou unha mención especial no Festival de Cine Internacional de Sevilla “pola importancia de recuperar o empoderamento das mulleres” (Anónimo 2024), causa indispensable coa que sempre se compromete a nosa homenaxeada.

No terreo poético, a partir de 2010, a súa obra vai adquirindo, como sinala a crítica, un maior peso existencial que adensa a mensaxe contida nela e a dota dun carácter aínda máis revelador. Ese mesmo ano publica *A frecha azul do teixo*, un soberbio poemario no que, “abeirada dos arredores do indescifrábel” (Penas 2020: 53), segundo viu Ánxeles Penas, aspira a verbalizar, dun xeito comprensivo e mesmo diáfano, a morte de Sara, a súa nai. De sempre, e así se percibe nas dedicatorias dos libros e nas que levan os propios textos (onde ecoan os nomes de Sara, Manuel, Berta, Emilia, Javier, Iago, Néstor, Antón, Marina, Xoán, Paulo, Alfonso...), a familia é un alicerce na vida e na obra da nosa poeta quen sublima agora a súa inmensa dor apelando a catro materias simbólicas. Afirmar Victoria Cirlot que o símbolo non é un constructo mental nin unha creación voluntaria ou unha alegoría descifrábel intelectualmente senón que florece nos versos para atravesarnos coa súa beleza preñada de significados. Así sucede con estas catro materias. Dúas xa as tratara en libros previos, a luz e a sede (isto é, a luz da proxenitora, signo ultracorporal do seu novo estatus, e a sede da filla como ansia de interpretar comprensiblemente a dimensión onde habita agora a figura materna), mentres que as outras dúas, o ámbar e a fonte, simbolizan a eternidade cristalizada e o nacemento perpetuo tal e como o teorizou Heráclito.

Ao fío disto, *A distancia do tambor* (volume de 2014 galardonado cos premios Fiz Vergara Vilariño e da AELG á mellor obra de poesía) abunda no desexo de atinguir o bordo do tempo, ese non-lugar metafísico ou límite definitivo onde vibran ao unísono a voz da nai e a potencia creadora da vida. Como afirma Chantall Maillard,

nos resulta difícil, a los humanos, pensarnos como estrellas fugaces, reducir nuestra importancia a un rastro pasajero, considerar la eternidad no como algo personal sino como una danza de partículas que se congregan y se disgregan formando y deformando organismos cuya aparente autonomía se debe exclusivamente a nuestros modos de percepción.

De aí que practiquemos exercicios de lembranza que pasan, sen dúbida, por dicir os nomes do perdido. Así actúa a poeta eumesa nesta obra cando elabora, segundo dixo Emma Pedreira, “a relectura do eu desde os ecos da estirpe” (Pedreira 2020: 97), ese fío matriliñal de ancestras cuxas voces percuten, na mesma entraña do baleiro, como un tambor, instrumento que, desde a prehistoria, asume o rol de intermediario co ignoto. Idéntico desexo de abeirarse á fenda vertebral *Un mínimo lugar*, serie de vinte poemas publicada no *Anuario Brigantino* de 2017, onde escoitamos, de novo, o murmuro dun corpo que se sostén no baleiro grazas ao poder curativo da memoria.

A partir de aquí, os textos van adquirindo, progresivamente, un maior peso filosófico non só por seren estes os estudos universitarios que Eva anda a realizar senón porque busca nesta disciplina respostas racionais aos misterios que alicerzan o noso vivir. E, parellamente, dota á palabra poética dunha certa radicalidade para que exprese aínda mellor o inefable pois, segundo viu Pilar Pallarés, esta imprégñase agora “dunha verdade persoal que, a través dun proceso literario, logra ser arquetípica do ser humano dun xeito moi esencial e espido” (Pallarés 2020: 25). Porque, como nos ensinou Luísa Villalta, “Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel / do mundo” (Villalta 1989).

No ano 2024, co gallo da dedicatoria do Día das Letras Galegas á escritora herculina, confluíron estes tres vértices –Luísa, Pilar e Eva– na magnífica antoloxía *Así vou eu facendo parte*, que escolma a obra poética de Villalta e contén dous estudos maxistras de Pallarés e de Veiga. Tributo á amizade e á gran admiración que esta última sentía por Luísa, non só lle dedicará, de

forma póstuma, *Desconcerto* (2006) senón que tamén escribe un brillante prólogo para *Papagaio* –obra conxunta de Villalta e de Maribel Longueira– cando se reedita por mor das Letras.

Situados xa na segunda década do século actual, nas mans sabias de Eva, a poesía sábese con Antonio Gamoneda emanación da propia vida ou elemento que se alumea, como dixo José Ángel Valente, mais contén aínda intacto o xenuíno abraio da nena que assistira ao voo da bolboreta na voz da súa primeira mestra. De feito, ese mesmo ritmo vibrátil, metamórfico, sobrancea en dous volumes que, por azares editoriais, ven a luz no 2016, con poucos meses de diferenza, tras conseguiren importantes galardóns: os premios Concello de Carral e da Crítica Española para *Soño e vértice* así como o Cidade de Ourense no caso de *Silencio percutido*.

En *Soño e vértice* a palabra oscila, para Baldo Ramos, en “dous movementos. Un de sístole, de contracción (vértice), e outro de diástole, de expansión (soño)” (Ramos 2020: 104) que representan territorios en principio opostos: o da realidade onde se debe enfrontar a dor cotiá, e se persegue de novo a esexese da luz, e o onírico, máis misterioso, no que é factible tocar o arcano. Polo tanto, aquí hai outravolta un ser que esculca tanto o dentro como o fóra de si desde a certeza de que ambos os ámbitos son o mesmo lugar: ese espazo propicio para os descubrimentos.

Pola súa parte, en *Silencio percutido* (2016), explórase o límite tendo como guía o silencio – esa “veta llameante del lenguaje” que dixo Jeannette Clariond– porque, aínda que poida parecer un paradoxo, só el consegue conducirnos ata o punto cero onde residen todas as respostas e brota a voz primixenia. Neste sentido, revelounos Hugo Mujica que “La historia del silencio son las palabras / la escucha de ese silencio es la poesía” e, no seu ronsel, Veiga honra os vocábulos e os seus mutismos cun respecto reverencial. Por iso, nas súas mans, as palabras chegan a nós tan prístinas como no momento do seu balbucido inicial xa que conteñen o xermolo orixinal da vida, un corazón que latexa sen descanso atravesando todos os límites impostos polo tempo. Desta maneira cumpre a poeta co arduo labor de abrir ventás no silencio que rodea á palabra logrando tocarnos sempre coa pureza da súa respiración.

Sen dúbida, o ano máis fértil na traxectoria literaria de Eva Veiga foi o 2020 cando a súa voz chega ao mundo anglófono grazas á escolma *Ser en / To be in*, publica o primeiro volume de escrita colaborativa –*Quérote canto*, en coautoría con Baldo Ramos–, escribe outro libro deste teor –*Fragor do urdido / Fragor de la urdimbre*, creado a catro mans, en formato bilingüe, con Francisco X. Fernández Naval– e recibe tamén a homenaxe dun monllo de escritoras e de escritores que analizan as súas claves creativas no volume *Fraxilidade consistente*.

Cun profundo carácter indagatorio, *Quérote canto* é un libro fermosísimo que foi distinguido co Premio Antón Losada Diéguez en 2021, sendo esta a primeira vez que tal dignidade recaía nun poemario. Escrito por Eva e por Baldo Ramos durante un retiro no mosteiro de Oseira, dáse nel a total disolución do suxeito poético ao tempo que se lle concede a palabra a un eu visionario que arela expandirse ata ese lugar enigmático situado no linde entre o coñecido e o arcano. Nesa exigua marxe, a ave –agora un pardal– busca traspasar a sutil membrana que a separa da primeira luz e a palabra, transmutada en canto, actúa como un mantra que nos prepara para captar o inaudible, segundo lles sucede aos monxes durante o rezo.

Pola súa parte, en *Fragor do urdido/ Fragor de la urdimbre* (édito en 2024), volume que Eva e Francisco X. Fernández Naval conciben como un exercicio de liberación mental fronte ao confinamento imposto durante a pandemia de Covid-19, imbrícanse o impredecible e as vivencias reais para dar conta da nova relación simbólica co entorno que xorde por mor da ameaza letal do virus. Neste contexto ambos os poetas procuran unha “palabra coa que abrigar o mundo” cuxa pureza logre ademais, en certa maneira, sanalo.

Como xa se dixo, os versos veigueanos superan, en 2020, as nosas fronteiras grazas á completa escolma *Ser en/ To be in* publicada en Nova York cun formato trilingüe (galego, castelán e inglés) e cuxo título apela ao proceso (re)construtivo do individuo cando se ve enfrontado a vivencias límite. Dous anos despois deste primeiro compendio dos seus poemas sae do prelo a antoloxía *Auga nómade*. Nela percibimos ben ás claras a importancia da fluencia na obra de Eva, un transcorrer imparabile que asume de novo o protagonismo en *Mansío* (2023), precioso libro de artista publicado polo selo artesanal Bourel onde unha voz que vén das primeiras augas se rebela fronte á súa natureza fluvial e prefire estiñar antes que dar cumprimento á predestinación do océano, meta final do río. Só contravindo os fados atávicos aprende o ser que todo o que se gaña asenta, paradoxalmente, na propia perda e que cómpre, segundo se afirma nun texto, reunir a valentía de “entrar na auga acceder ao escuro” para atopar alí o que máis se arela.

Magnífico exemplo de creatividade e de resiliencia, Eva Veiga é unha persoa e unha escritora moi prezada. De aí os numerosos recoñecementos que foi colleitando ao longo da súa carreira como, por citarmos tan só algúns, o Sereo de Cultura Galega (que lle concede a Asociación Cultural Barbantia no 2011), o premio Alecrín da Federación de Entidades Culturais Galegas de Cataluña —Fedegalcatal— en 2025 ou esta letra E que hoxe nos convoca, felices, ao seu carón. Mais volvendo a 2020, quixera mencionar, polo seu carácter senlleiro, o volume *Fraxilidade*

*consistente* onde un grupo de autoras e de autores, amigas e amigos de seu, coordinados por Luciano Rodríguez e por min mesma, estudaron a súa poesía, ese caudal infinito que, como o propio Eume, sempre sacia a nosa sede de coñecemento. Porque, nas súas mans privilexiadas, a palabra trae consigo ecos do arcano, da beleza, da alegría e da memoria; é un elemento que se abeira ao límite arelando franquealo e resoa desde o baleiro tal un son primixenio que, ao impregnarse dun fondo pouso filosófico, nos aporta unha valiosa información sobre a vida e os seus enigmas. Sen dúbida, é ela, como indica Miguel Anxo Fernán Vello,

unha poeta da ‘vertixe’ dun silencio (...) que se transmuta en voz, en palabra de poema, para contribuír na medida das máis fondas e íntimas posibilidades expresivas a unha explicación existencial do vivir (Fernán Vello 2025).

Eis a súa grandeza. Demostrada, máis unha vez, no volume bilingüe *O que se volve raíz / Lo que se vuelve raíz* (édito en 2025 polo selo zaragozano Olifante) que é, de momento, o seu último libro. Vertebrados pola morte do pai, os poemas pivotan agora arredor da busca –na fenda– dese punto exacto onde a vida se encontra coa morte que a poeta entende como “a reunión / dun corpo / coa súa ausencia” (Veiga 2025: 30), unha nova maneira de ser e de estar. Trátase, xa que logo, de restituír o vínculo primixenio coa raíz nutricia. Porén o peso da perda conduce o eu ata o deserto, un lugar árido e ermo onde todo adopta a forma dun espellismo que disfraza o seu auténtico corazón, dificultándonos, de paso, o total discernimento da verdade que oculta. É alí onde reside un pozo, tamén a raíz, signos invisibles da vida que, soterrada baixo as areas, continúa o seu curso imparabile. De certo, a autora só pode acceder a este misterioso espazo por medio dunha escoita atenta, do mesmo xeito que unicamente conseguirá revelarnos a verdade dun mundo que é posto en crise unha e outra vez grazas a unha lingua nova que logre dar conta do que se extingue restaurando tamén o diálogo profundo coa natureza que, dun xeito case instintivo –poderíase dicir mesmo que osmótico–, se establece na nenez por medio da “primeira lingua // a que atesoura os códigos / no interior do óso” (Veiga 2025: 34). Esa sorte de código ancestral que, adoitado, imos descoñecendo segundo medramos.

Neste volume, acentúase pois a concepción da poesía como arte da vida que, cun gran transfondo filosófico e mesmo culturalista, atende aos conflitos íntimos e sociais do ser contemporáneo, a miúdo denunciados por Veiga nos seus versos cando nos chama a reaccionar contra toda sorte de violencias xa normalizadas no mundo actual. Sucede así que a valiosa

mensaxe contida nos poemas “percute na razón / como a ondada / nos piares dunha palafita” (Veiga 2025: 180) e transfórmanos.

Xa que logo, mentres delinea o peso da sombra en toda a súa dramática extensión, a poeta – raíz dorida– capta o “ruído de fondo” que vibra detrás de cada existencia. Por iso dentro do seu fecundo corpus literario, *O que se volve raíz / Lo que se vuelve raíz* é un paso máis na busca dunha luz que, en forma de enigma, nos interpela ata situarnos fronte ás palabras que deberán darlle sentido e corporeidade. Vocábulos que, aínda que ás veces falen do tráxico ou poñan de manifesto as carencias e desequilibrios da nosa sociedade, posúen adoito a “espiña irredenta da beleza” (Veiga 2025: 80) que tanto nos conmove.

Chega un intre en que a eiruga perde, indefectiblemente, as capas córneas da súa pel rugosa para deixar ao aire unhas ás tenras e delicadas. Do mesmo xeito, ao longo da súa fructífera carreira poética, a palabra de Eva Veiga foise despoxando do superfluo na procura do esencial, explorou o ignoto e revelounos os misterios máis arcanos da vida. Porque, como ela mesma afirmaba nunha entrevista, “A poesía busca o que non sei de min, pero non de min como individuo, senón da humanidade, do que somos todos” (Dopico 2016). De aí que nos seus versos resida a historia medular do ser humano, a propia luz feita cordón nutricio capaz de alimentarnos ata a morte, a potencia indestrutible do amor, un tenue fondo musical e o retrato máis lúcido de nós. Por todo isto, é de xustiza homenaxeármola neste epicentro onde o tenue voo dunha bolboreta a fixo nacer á poesía.

Parabéns, benquerida Eva.

Moitas grazas.

## BIBLIOGRAFÍA

**Anónimo** (2024). “Prefiro condenarme, de Margarita Ledo Andión, recibe unha mención especial na sección Nuevas Olas do Festival de Sevilla”. *Nós diario*. 16-11-2024.

**Dopico, Montse** (2016). “Eva Veiga: ‘O mundo non ten posibilidade de redención sen a inocencia’”. *Praza*. 08-12-2016.

**Fernán Vello, Miguel Anxo** (2025). “Poesía de Eva Veiga”. *El Progreso*. 08-11-2025.

**Fernández Naval, Francisco** (2020). “A esperanza é lentura”. In Rodríguez, Luciano e Seara, Teresa (eds.). *Fraxilidade consistente*. A Coruña: Medulia, 17-29.

**Ledo, Margarita** (2020). “Ela, Eva”. In Rodríguez, Luciano e Seara, Teresa (eds.). *Fraxilidade consistente*. A Coruña: Medulia, 124-133.

**López Foxo, Manuel** (2007), “O Eume como motivo literario”, *A Nosa Terra*, 1282, 27-09 ao 03-10-2007, 27.

**Nicolás, Ramón** (2014). “A distancia do tambor, de Eva Veiga”. *Caderno da crítica*. 29-12-2014.

**Pallarés, Pilar (2000)**. “Paisaxes do baleiro”. *A Nosa Terra*, 929, 06-04-2000, 25.

----- (2025). “Lapela”. In Veiga, Eva. *O que se volve raíz / Lo que se vuelve raíz*. Olifante.

**Pedreira, Emma** (2020). “Alí, na distancia da pel tambor”. In Rodríguez, Luciano e Seara, Teresa (eds.). *Fraxilidade consistente*. A Coruña: Medulia, 96-101.

**Penas, Ánxeles** (2020), “O ‘Desconcerto’ de Eva Veiga”. In Rodríguez, Luciano e Seara, Teresa (eds.). *Fraxilidade consistente*, A Coruña: Medulia, 51-68.

**Pozo Garza, Luz** (2005), “Eva Veiga: ‘Contras as probas da destrucción’”. In Veiga, Eva. *A luz e as súas cicatrices*, Ferrol: Colección Esquíó de Poesía, 7-11.

**Ramos, Baldo** (2020). “Soño e vértice: onde o corpo se fai palabra”. In Rodríguez, Luciano e Seara, Teresa (eds.). *Fraxilidade consistente*, A Coruña: Medulia, 103-111.

**Rodríguez, Luciano** (2020). “*Fuxidíos*: carta de presentación”. In Rodríguez, Luciano e Seara, Teresa (eds.). *Fraxilidade consistente*, A Coruña: Medulia, 9-16.

**Romaní, Ana** (2020). “Luz na boca do esquecemento”. In Rodríguez, Luciano e Seara, Teresa (eds.). *Fraxilidade consistente*, A Coruña: Medulia, 90-95.

**Seoane, Xavier** (2020). “Reverberacións da palabra e do silencio: unha lectura do libro *Silencio percutido* de Eva Veiga”. In Rodríguez, Luciano e Seara, Teresa (eds.). *Fraxilidade consistente*, A Coruña: Medulia, 113-123.

**Veiga, Emilia e Vidal, Nicolás** (2020). “*Poemas do Eume: memoria, corpo e paisaxe*”. In Rodríguez, Luciano e Seara, Teresa (eds.). *Fraxilidade consistente*, A Coruña: Medulia, 69-81.

**Veiga, Eva** (1999). *Paisaxes do baleiro*. Vigo: Xerais.

----- (2025). *O que se volve raíz / Lo que se vuelve raíz*. Zaragoza: Olifante.

**Villalta, Luísa** (1989). *En concreto*. A Coruña: Espiral Maior.